1. Le o texto e responde as cuestións que se plantexan a seguir:

Autoras como Beechey, Benería, Roldán, Souza Lobo entre outras, volcan a súa atención na división sexual das tarefas a nivel do proceso de traballo. E alí fise evidente que hai certas cualidades que son atribuídas como propias da forza de traballo femenina ou da forza de traballo masculina e que por consiguiente van definir os traballos como femeninos ou masculinos.

Algúns resultados de estudios amosan que se asignan como femeninas tarefas manuais repetitivas, maior rapidez, carácter máis sedentario, paciencia, etc. Un claro exemplo está dado polos denominados "nimble fingers" (tacto fino) requeridos por exemplo poa industria electrónica. És dicir, existen capacidades reais ou asignadas ás mulleres e valoradas por determinadas producciónns pero que ó momento de cualificarlas se lles atribue menor valor por consideralas que son capacidades innatas (ainda que sexan resultantes da socialización de xénero).

En palabras de Kergoat, parecera que" existe unha descalificación específica da forza de traballo femenina, xa que unha serie de cualidades buscadas polo patrón, van ser retribuídas segundo se trate de man de obra femenina ou masculina"

Nun intento de indagar sobre os mecanismos invisibles que fan posible a asignación de mulleres ós postos máis baixos, os estudios de xénero avanzaron a partir do descubrimiento de que as cualificaciones, en tanto elemento central para a organización do proceso de traballo (un elemento técnico e de apariencia neutro frente al sexo de los trabajadores), tamén están permeadas polas relacións de xénero.

María E. Ginés "A división sexual do traballo"

Cuestións:

a) Cal é a explicación de María E. Ginés e das autoras que cita sobre o proceso de asignación de determinadas tarefas ás mulleres?
b) Outro tipo de división das tarefas realízase segundo a idade e sobre este tamén ten estudado a antropoloxía. Ofrece a túa opinión e algúns exemplos que comparen o traballo permitido a nenos/nenas e a adolestentes nos momentos actuais e os que se lle permitían na sociedade galega de hai cincuenta anos.

2. Le o texto e reponde as cuestións que lle seguen:

Por iso a concepción antiga, segundo a cal o home, calquera que sexa a limitada determinación nacional, relixiosa ou política en que se presente, aparece sempre, igualmente como obxectivo da producción semella moi excelsa fronte o mundo moderno onde a producción aparece como obxectivo do home e a riqueza como obxectivo da producción. Pero, in fact, se se despoxa á riqueza da súa limitada forma burguesa, ¿Qué é a riqueza senón a universalidade das necesidades, capacidades, goces, forzas productivas, etc, dos indivuduos?

Maurice Godelier. *Antropología e economía*. Anagrama, barcelona, 1976

Cuestións:

a) Considera Godelier que noción de riqueza foi semellante en tódas épocas históricas?
b) Como se distingue no texto a concepción antiga da producción e a concepción moderna?
c) O diñeiro multifuncional é un elemento dos intercambios de mercado. Existiron nalgunhas sociedades cousas que representasen o valor doutras? Cales éran as súas limitacións?

SOLUCIÓNS

Solucións Texto 1:

a) A asignación de determinadas tarefas ás mulleres pasa por unha previa categorización das cualidades e capacidades femeninas.

b) Actualmente nenos/nenas e a adolestentes poden colaborar en determinadas tarefas domésticas é está mellor visto en canto o implicado é beneficiario dese traballo (recoller os seus xoguetes, a súa roupa) e peor se serve os demáis (fregar e recoller o de todo o grupo doméstico. Hoxe o traballo remunerado de menores é quí iegal atá idade avanzada se a comparamos con épocas anteriores, aínda que empezaban as tarefas no mundo laboral, polo xeral, como aprendizes con baixos ou inexistentes salarios. Hai cincuenta anos os rapaces axudaban nas labores agrícolas, na casa e nos negocios familiares (panaderias, tabernas, etc)

Solucións texto 2:

a) Non, non sempre foi igual
b) Na concepción antiga o home era o obxectivo da producción. Na concepción moderna a producción aparece como obxectivo do home e a riqueza como obxectivo da producción.
c) Non eran intercambiables por calquera cousa nen servían en todos os contextos (a parte da súa portabilidade, convertibilidade, etc)